

PRESENTACIÓN DA LONGAMETRAXE DOCUMENTAL O NOVO EMDEN

O xoves 20 de setembro ás 20 horas preséntase esta longametraxe que afonda no periplo da embarcación Nuevo Emden ó longo de 30 anos do século XX. O Cine Marino de O Grove acollerá a presentación que contará coa presenza do director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, e o subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual, Manuel Conde, amais do alcalde grovense, José Antonio Cacabelos. Ó acto asistirán tamén familiares dos protagonistas da aventura e o estudoso da materia, fillo de groveneses afincado en Francia, Carlos Fernández.

A produtora compostelá Saga TV presenta, en coprodución coa TVG e coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, a película documental *O Novo Emden*, que afonda no periplo vivido por 17 homes e un rapaz a bordo dun pequeno pesqueiro. El Nuevo Emden (nome real do barco) abandonou O Grove en 1937, en plena Guerra Civil, e ó longo de 30 anos percorreu un traxecto que o levaría ata a Bretaña francesa e América Central. Moitos peiraos en moitos países acolleron a El Nuevo Emden; a historia que forxou navegando polo século XX está agora lista para a súa presentación ante o gran público.

O documental personifica en tres actores afeccionados groveneses a busca do pobo meco na procura da súa memoria esquecida. Atenea Fernández, Jacobo Otero e David Otero falan coas testemuñas daquela historia e pescudan nos arquivos militares achegándose, e achegándonos, a unha epopea esquecida por moitos dos seus veciños. Unha pescuda de trazos case psicoanalíticos para tratar de entende-las inquedanzas daqueles mariñeiros e que desemboca, inevitablemente, nunha reflexión sobre o esquecemento do pasado e, en definitiva, da memoria.

Os documentos da causa militar aberta polo franquismo ós tripulantes do Nuevo Emden, declarados en “rebeldía”, xunto coas memorias manuscritas do copropietario do barco, Juan Aguiño, son a base sobre a que se artella este traballo audiovisual. Entre os seus protagonistas cómpre salienta-la participación de Arturo Meis, quen marchou no Emden sendo un rapaz e, dende Miami, recorda no documental esta aventura vital de tinturas homéricas.

A produción estréase despois de 2 anos de traballo e pesquisas en Francia, EEUU e España, así como unha fonda labor de documentación. O director do filme, Marcos Gallego, salienta o interese que o tema da memoria suscita hoxe en día entre os galegos, que logo de moitos anos de esquecemento comezan a mostrar un interese activo pola recuperación do seu pasado máis recente. Logo da estrea o ano pasado de *O barco da memoria*, *O Novo Emden* é o segundo documental de Saga TV na liña da investigación e recuperación da nosa memoria histórica. A laboura de documentación e guiión foi levada a cabo pola xornalista e actriz Comba Campoy e a banda de son orixinal foi composta polo mestre Manuel Riveiro.

Dende Concarneau a Guatemala: 4 meses de aventura

O Nuevo Emden, unha embarcación de apenas 13 metros de eslora e un motor de 36 CV co que só acadaba unha velocidade de 7 millas por hora, foi atopándose de xeito inesperado con algúns dos episodios máis importantes da historia contemporánea. Tras fuxir da Guerra Civil española, a ocupación nazi sorprenderao en Concarneau, unha vila da Bretaña francesa na que ficará durante toda a II Guerra Mundial. Ó remata-la contenda continuará o seu periplo, cruzando o Atlántico nunha longa travesía de case catro meses, con múltiples paradas técnicas tanto en

África como en América, antes de chegar a Guatemala. Pero as expectativas de traballo postas por Juan Aguiño neste país vense frustradas.

En decembro de 1948, o Emden volve a soltar amarras e acaba recalando, en 1950, na illa de Cuba. Pero unha vez máis, o destino crúzase na súa ruta; o estourido da Revolución Castrista afunde os intentos de traballar no sector pesqueiro local e, en 1962, Juan Aguiño marcha a Miami, onde fará un último intento por saír adiante co barco. As autoridades tampouco llo porán doado e marcha a Nicaragua. Alí, 30 anos despois de ter abandonado O Grove, Juan Aguiño venderá o Emden e voltará en España en 1965.

A historia do Emden é unha epopea de busca que se prolongou no tempo e no espazo. Grovenses actuais emprenden neste documental a súa propia busca, para sacar á luz unha historia tan próxima no tempo como distante na memoria.